

Luís Valle

Alianza

BARBANTESA

*ἄγι χέλυ δία μοι λέγε
φωνάεσσα δὲ γίνεω*

SAFO

si! radiante lira, fálame, tórname voz

A Isabel Castro

UN SÓ COMEZO CONDUCE Á LUZ.

ACHAR no antecomezo de todo
a viva sede de ti.

Acenderse
e apagarse co derradeiro Si
da túa meixela. E escribir
en branco a palabra

Así sexa! Así
sexa! Así
sexa!

AMARSE coma quen arrinca cada día
a sombra da primeira rosa do xardín,
dende o comezo da luz ao fóra do nada
por toda a paisaxe da cor do nacer.

(Dictum)

ÓXIDO, dominio e silencio. Ti es o intre
no que a vida comeza.